


Primeiros usos escritos de -Y- <-LJ-, C'L-, -G'L- en gallego-asturiano

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ

Nel territorio entre os valles que regan os ríos Navia y Eo, nesas terras unde se fala el complexo dialectal que tan ben boutizóu Dámaso Alonso como *gallego-asturiano*, encóntranse as solucións asturiana y gallega a os grupos llatinos *-lj-*, *-c'l-* y *-g'l-*: núa parte, a nororiental, atopamos a solución asturiana / ɰ / y noutra, a suroccidental, a solución gallega / K /.

Diferentes artigos, vocabularios y estudos dialectolóxicos feitos nos últimos cincuenta anos bríndannos datos sobre esta cuestión, us máis en detalle qu'outros, en Ayande (Menéndez García, 1951; Muñiz, 1978), El Franco (García García, 1983), Tapia (Suárez Fernández 1991, 1996; Díaz López & García-Galano, 1993, 1996), Eilao (Álvarez Blanco, 1983), Pezós (Pasariñ Arne, 1996), A Veiga (Fernández Vior, 1997), Ibias (Menéndez García, 1951; López Pascios, 1999) y Samartín y Vilanova d'Ozcos (Alonso, 1969, 1972).

Valíndonos d'estos datos y completándolo con informacións recoyidas en diferentes lugares da zona apuntamos hai tempo el trazo, nus treitos seguro y noutros posible, del isoglosa *ll/y*, que deixa nel llao del resultao palatal lateral / K / a qu'imos chamar *zona A*, con San Tiso d'Abres, Santalla y Samartín d'Ozcos, Taramunde, Ibias, cuase todo Vilanova d'Ozcos y Grandas y úa parte pequena da Veiga. Nel llao del resultao fricativo palatal sonoro / ɰ / quedan os conceyos da marina (Castripol, Tapia, El Franco, Cuaña y Navia) ademáis dos de Bual, Eilao, Pezós, Ayande, cuase toda A Veiga y úa parte pequena de Vilanova d'Ozcos y Grandas (Suárez Fernández, 1998), territorio qu'imos chamar *zona B*.



A zona B, a que ta al este del isoglosa *ll/y*, unde se dan formas del tipo *muyer*, *abeya*, *reya*, non sólo coye al redor dos dous tercios da superficie del Navia-Eo, senón que representa camín das cuatro quintas partes da poboación. El actual despoblamento das zonas da montaña nun fe-xo senón acelerar un desequilibrio demográfico que fai que sía nos conceyos da marina, ademáis dos da Veiga y Bual, unde se manteña el máis da poboación.

Podemos estremar ainda máis nesta última zona y falar de dúas subzonas dialectales según os resultaos de *l-* y *-ll-* llatinas, en *ll* (*subzona B1*) ou en *ll̃* (*subzona B2*). Recordamos esto polas implicacións que ten al hora de buscar el oposición fonolóxica entre */y/* y */ll̃/*: na subzona oriental B2, unde se diz *lleite*, *ella*, é evidente que nun é a mesma cousa *esfollar* ('quitar el peleyo') qu'*esfoyar* ('quitar as foyas'), ou *gallo* ('ave') que *gayo* ('cana d'un árbol'). Querse dicir, a presencia d'ún ou d'outro fonema provoca un cambio de significado. Na subzona occidental B1, unde se diz *leite*, *ela*, el fonema *ll̃* nun é autóctono porque, recordemos, *-lj-*, *-c'l-*, *-g'l-* deron */y/* y *l-*, *-ll-*, deron *ll*. Así y todo, el fonema *ll̃* atopámolo na fala d'esta subzona B1 en empréstanos máis ou menos veyos d'outras llinguas (*botella*, *parrilla*, *manilla*, *artilleiro*) que tamén tán presentes nas outras zonas. Hasta podemos atopar oposición fonolóxica en casos como *tayar* ('cortar a madera') y *tallar* ('dibuxar a madera').

El fenómeno actual del yeísmo, que fai que muita xente pronuncie [*ɰ*] unde antias se pronunciaba [*ll̃*], tamén afecta a os falantes de gallego-asturiano. Por eso, ben xente, cada vez máis, pronuncia con [*ɰ*] toda [*ll̃*], teña a etimoloxía que teña: tanto os falantes da zona A unde se diz *muller* (procedente de *-lj-* llatino) —qu'agora dicen *muyer*—, como os falantes da subzona B2 unde se diz *llobo* (procedente de *l-* llatina) —qu'agora dicen *yobo*— y os da subzona B1 que pronuncian con [*ɰ*] as palabras alóctonas que tían [*ll̃*] —*boteya*, *parriya*, *maniya*—, palabras éstas, claro ta, tamén afectadas pol yeísmo moderno nas outras zonas.

Este fenómeno yeísta, que, como xa dixemos, é de pouco (núa apreciación mui porriba, y dependendo das zonas, podíamos dicir qu'afecta a os menores d'alredor dos sesenta anos), si ten úa zona —qu'imos chamar *subzona B3*— unde lleva máis tempo presente: falamos del conceyo de Navia y da parte nororiental de Cuaña. Rodríguez-Castellano (1948: 127) fala d'escrituras de compra-venta en Freal (Navia) dos siglos XVIII y XIX unde xa parecen topónimos como *Yameira* ou *Yinde* al pe de formas como *Llonvo*, *Lloureiro* ou *Llagúa*.

Peró nun podemos confundir a presencia del yeísmo moderno —dafeito na subzona B3 y según edades nas zonas A y resto da B— cua presencia histórica dos resultaos con *ll̃* pra os gru-

pos *-lj-*, *-c'l-*, *-g'l-*, fenómenos que confundiron y siguen confundindo a dalgús estudiosos gallegos nestos últimos anos (Fernández Rei, 1991: 17, 1998: 25; Babarro González, 1993) al hora de buscar cuál é a grafía miyor pra representar a fala del Navia-Eo. Pra estos autores, escribir el gallego-asturiano con *y*, en palabras como *muyer*, *abeya* ou *reya*, nun é máis qu'úa concesión al yeísmo moderno que nos invade y el correcto sería escribillas con *ll* por entender qu'el y nun reflexa máis qu'un fenómeno que, efectivamente, en Galicia é contemporáneo.

Ten úa esplicación lóxica dafeito qu'escríbamos *muller* ou *abella* pra representar a fala da zona A, unde einda hai falantes que pronuncian d'ese xeito por mui estendido que tía el yeísmo moderno. El que nun ten xeito é querer que na zona B, que pol sou mayor peso tanto territorial como demográfico vén a representar a forma máis común de gallego-asturiano, s'esqueiza un rasgo básico del sou sistema consonántico tradicional como é el fonema /*ɟ*/. A presencia de falantes d'edá que conservan úa fala menos contaminada y qu'estreman el fonema /*ɟ*/ del fonema /*ʎ*/ abonda pra rebater argumentos tan froxos.

Peró, por se nun abastara a realidá actual, podemos fer aquí un repaso polos testimonios del uso da grafía del y *grega* pra escribir en gallego-asturiano —ou, a lo menos, representar palabras y topónimos propios da zona—, que nos deixa apuntar el panorama correspondente nos siglos XIX y empezos del XX.

Antias dos estudios dialectolóxicos das últimas décadas xa dispoñíamos de datos ben interesantes sobre a cuestión. Mesmamente os del *Atlas lingüístico de la Península Ibérica* (Navarro Tomás, 1962), con encuestas feitas na década dos anos trenta que marcan esas dúas zonas A y B das que falamos antias: nas Campas (Castripol), Freal (Navia) y Bual recoye exemplos como *abeya*, *aguiyón-guiyón*, *aguya*, *cuyar*, mentres qu'en Salgueiras (Vilanova d'Ozcos) y Cuantas (Ibias) recoye resultaos con *-ll-*: *abella*, *aguillón*, *agulla*, *cullar*, *sobrecellas*.

Del bualés Acevedo Huelves y del franquín Fernández Fernández, el *Centro de Estudios Históricos* dirixido por Ramón Menéndez Pidal publicara postumamente, en 1932, un vocabulario feito con material recoyido polos dous autores en toda a zona del gallego-asturiano y refundido por Fernández (Acevedo Huelves & Fernández Fernández, 1932). Nel vocabulario dáse preferencia ás formas con *y* —ellos eran nacidos na subzona B2 da que falamos antias— pero sempre señalan qu'esas mesmas palabras son con *ll* noutras zonas. Dícenlo con espresións del tipo «*en los concejos de la montaña de la ribera del Eo*», ou «*en los concejos de Vegadeo, San Tirso y Taramundi*», querse dicir, a zona A que dixemos antias. Pódese ver que, anque d'un

xeito un pouco impreciso, xa saben qu'hai dúas zonas nel gallego-asturiano con resultaos diferentes pra os mesmos grupos llatinos: úa con *y* e outra con *ll*.

Xa nestos dous autores podíanse ver as solucións con *y* e nos seus libros *Boal y su concejo* e *El Franco y su concejo*, publicados entrambos e dous en 1898 por Fernández e por Acevedo, respectivamente. Del obra d'Acevedo: *veya*, *carbayo*, *herba-beyeira*, *Meyorado*, *miyo*, *coye*, *esfoyón*, *mayega*, etc. Del obra de Fernández: *mayar*, *carbayo*, *mal de oyo*, *esfoyois*, *reyeiro*, *foyas*, *xuyín*, *veya*, *parpayegar*, *moyadas*, *pésaye*, *oveya*, *paya*, *Castiya*, *siya*, etc.

D'ese mesmo ano de 1898 é o periódico *El Faro de Tapia*, primeira publicación d'esta mena nel occidente asturiano. Anque escrito en castellano, esqueirando nas súas rengueiras sempre se pode volar en dalgún dato do uso do *y*: por exemplo, nel seu nº 19, un 25 de setembro de 1898, ao falar d'un sitio de Tapia que se chaman *El Oyo*, ou ao acordarse do gueiteiro *Medía oureya*. Un ano despois, nel nº 45, un 24 de setembro, arromendando a un auguacil municipal, nel periódico recordan qu'a os carros do país, antes d'entrar en Tapia, «hay que *daryes* xabón pra que non canten».

Máis testimonios soltos sobre o uso de *y* atopámoslos en 1896, nel *Vocabulario Dialectológico del concejo de Colunga* de Braulio Vigón, porque cita datos léxicos d'outras zonas que se apuriran coñecidos de seu. Neste caso, cita palabras recoyidas en Navia (subzona B3) e Castripol (subzona B1) polo Sr. Álvarez-Cascos: *pazpayar* (Castripol), *pazpayega* (Navia), *mayola* 'castaña pilonga' (Castripol), *tayolo* (Castripol e Navia).

Einda anteriores, d'antes de 1887, e tamén ben interesantes por tratarse de datos da subzona B1, concretamente de Pezós, son os que nos dá o sueco Munthe (1987: 98) nel seu estudo sobre o asturiano occidental grazas ás informacións apurridas polo párraco d'allí: *oyo*, *oreya*, *veya*, *muyer*.

Siguimos retrocedendo no tempo e volamos con datos do estudioso xixonés Juan Junquera Huergo que, nos papeles manuscritos publicados nun hai moito (X. Ll. García Arias, 1995), recoye un mañuzo de termos do gallego-asturiano del, nas súas palabras, «distrito de Navia al Occidente»: *carbayu*, *gamayeira*, *bilayo*, *oyos*, *oveya*, *panoya*, *tayolo*, *garabuyo*, *oreyas*. Son datos que, en calquera caso, son anteriores a 1880, ano da súa morte.

Por se nun pintaran abondo fiables estes datos botamos maos agora dos topónimos que nos brindan as memorias manuscritas de Rosendo M^a López Castrillón, llabrador do llugarín de

Riudicova (daquella del conceyo d’Ayande y hoi d’Eilao), na subzona B2, que viviu nos tres primeiros tercios del siglo XIX (López Álvarez, 1994). Núas notas sobre obras feitas en cortíos d’él a mediaos d’aquel siglo cita topónimos como *El Gamayal* y *El Beyallongo*, caso este último ben significativo por atopar na mesma palabra as dúas grafías, y y ll, sin duda pra reflexar distintas pronunciacións.

A documentación medieval asturiana aveza a representar con ll, l, li ou lli os resultaos de -lj-, -c’l-, -g’l-, que na fala daquela xa se pronunciarían con [j], a lo menos en dalgúas partes del dominio llingüístico (García Arias, 1995b). A forza da tradición escrita fexo qu’este avezo gráfico siguira moitos siglos y nun é hasta el época moderna conda a pronunciación popular con y empeza a asomar nos escritos d’un xeito xeneralizao. É el caso, por poñer un solo exemplo, da documentación referida al conceyo de Sariegu, unde el topónimo “millares” nun deixa sito a “miyares” hasta el siglo XVII (Pedregal Montes, 1995). Polo tanto, atopar un “carbayaal” ou úa “peruyeira” nun documento del Navia-Eo del XVI ou del XVII bríndanos úa información fiable verdá sobre a pronunciación popular, máis qu’atopar un “carballedal” ou úa “perulleira”, formas estas que sempre se poden interpretar na nosa zona d’estudio non como un reflexo da realidá falada senón como el peso da tradición escrita. Efectivamente, el qu’a forma escrita siguira sendo con ll ou mudara a y nun responde a criterios lóxicos, porque nus casos a forma oficial acabóu sendo fiel á pronunciación popular y chegou a os nosos días con y y nou-tros siguiúu mantendo el ll –mesmamente nun mesmo conceyo–. Abonda con botar úa oyuada ás formas qu’usa Madoz nel sou *Diccionario Geográfico-estadístico-histórico* publicao entre 1845 y 1850. Os topónimos da zona A escríbense con ll (“Ovellariza” –actual *A Ovellariza*, Vilanova d’Ozcós–, “Aguillón” –Taramunde–, “Vilarello” –Ibias–). Na zona B hai de todo, con y y con ll: na subzona B1 (“Brañavella” –actual *Brañaveya*, Pezós–, “Villabrilte” –actual *Vilabriye*, Pezós–, “Cornollo” –actual *Cornoyo*, Samartín-Ayande–, “Carballal” –actual *Carbayal*, Pastur-Eilao–, “Carballo” –actual *El Carbayo*, Barres-Castropol–, pero “Caleyo” –actuales *El Caleyo*, Tol-Tapia, Santa Colomba-Ayande–, “Caleya” –actual *A Caleya*, Serantes-Tapia–, “Carbayal” –actual *El Carbayal*, Serantes-Tapia– ou “Cornayo” –actual *El Cornayo*, Serantes-Tapia–) y nas subzonas B2 y B3 (“Matafoyada” –El Monte-Tapia–, “Carbayal” –A Veigadouria-Bual, Arancedo-El Franco–, pero “Castrillón” –actual *Castriyón*, Bual–, “Castrovaselle” –actual *Castrabaseye*, Tapia–, “Santo Millano” –actual *Santo Miyao*, Ayande–).

Polo tanto, na documentación privada, en escrituras de ventas, de mandas, de partixas, con tantos topónimos menores, pódese seguir el rastro da presencia das grafías con y, tanto nel tempo como nel espacio, y saber d’este xeito en qué zonas del Navia-Eo y a partir de qué anos

s' empezaron a escribir formas como *caleya*, *veyo*, *carbaya*, etc. Evidentemente estos datos tan tardíos nun nos dicen a fecha en qu' a pronunciación popular empezou a ser [ɰ] pero si nos informan a lo menos de qu' era úa realidá tan característica da fonética local que puido col conservadurismo gráfico del *ll*.

A falta d' esa información tan rica das escrituras privadas, seguimos cuntando con máis datos na lletra impresa. Queremos reparar un bocadín en casos como os que Fernández Fernández dá nel sou llibro sobre El Franco (1898), *Castiya* ou *siya*, exemplos dos que dispoñemos un bon feixe nel vocabulario que publicou despóis d' emparzao con Acevedo Huelves (entre outros: *aniyo*, *baratiyo*, *cepiyo*, *coxiyo*, *enxempriyo*, *fondiyo*, *gargantiya*, *lladiya*, *ladriyo*, *llampariya*, *paliyo*, *poliya*, *rodiya*, *rosquiya*, *sombriya*, *torniyo*, *xustiyo*, *zapatiya*). Nel asturiano xa s' esplicou d' un xeito satisfactorio qu' os acabos en *-iya*, *-iyu*, son autóctonos y non un caso de yeísmo moderno ou castellanismo (García Arias, 1988: 115). Son continuadores del grupo *-c'l-* nos sufixos *-iculum*, *-iculam* y, polo tanto, tamén se ten qu' aplicar esta interpretación pral gallego-asturiano, ermao neste caso da solución asturiana. El que nos chama el atención é el oyo d' estos dous autores –ayíos dafeito ás explicacións etimolóxicas que s' iban dar moitas décadas máis tarde– al reparar neste fenómeno que, aparentemente, pola súa parecencia, podía pintar castellanismo. Nun deixa de ser significativo como proba del afixada que taba a diferencia entre *y* y *ll*. Pero aínda nos pinta máis interesante, pola súa antigüidá y por refirirse claramente á subzona B1, el dato qu' atopamos nel periódico *El Faro de Tapia*, nel sou nº 45, un 22 d' outubro de 1899. Núa sección humorística, el periódico trescribe un acta mui chocante da Sociedá de Baile de Tapia con fecha de primeiro de xunio de 1846 unde se fala, entre outras cousas, d' un cuarto «para uso de *senaugas...* y *calzonciyos*».

Pra rematar este recorrido, nús *Lecciones de Agricultura* publicadas en 1818 pol veigueño Ramón Fernández Reguero, da zona B1, al hora d' explicar cuestións da terra nun ye queda outro remedio que botar mao da lletra cursiva y usar términos locais ou, en palabras del autor, «en nuestro dialecto»: *ferruyo*, *payeiro*, *toyedura*. Tamos delante, entoncias, da noticia impresa de *y grega* máis veyá que conocemos.

Nel noso repaso deixamos adrede el apartao del cultivo lliterario en gallego-asturiano por causa da súa importancia cuantitativa y cualitativa, aunque, en conto a fechas y cos datos que conocemos, nun nos pódamos remontar máis qu' a os últimos anos del siglo XIX. Hai que fer notar, primeiro de nada, qu' é nos periódicos locales unde atopan aveiro as primeiras mostras lliterarias en gallego-asturiano y qu' esos periódicos nacen nas villas principales del Navia-Eo

(Navia, Tapia, A Veiga, Castripol, A Caridá), todas ellas da que demos en chamar zona B. Úa lliteratura que quería, antias de nada, qu'os lletores s'identificaran cúa llingua na que taba escrita, é normal que tentara de reflexar el máis fielmente posible os rasgos dialectales da fala del escritor y dos lletores. El sou nulo ou mínimo interés por buscar un modelo común ou estándar lliterario, col qu'esto ten d'elaboración, invención ou adaptación, fai qu'esta lliteratura en gallego-asturiano súa ben fiable dende el punto de vista dialectolóxico.

Se nun esqueicemos todas estas consideracións nun pinta miga raro que todos os autores escribieran con y os resultaos de *-lj-*, *-c'l-*, *-g'l-*: os que publicaban en Navia (Carlos Fernández Calzada, Antonio Fernández, Pepe Pinilla, Pepe Muestras, Manuel de Lienes), os da Veiga (Eustaquio Lago, Herminio García Allande, Federico Magadán), os de Castripol (Claudio Fernández Luanco, Ramón García González, Alejandro Sela, Franco F. Prieto, Pedro Penzol, Agustín García) y, mesmamente, un taramundés de nación pero tapiego de pación, Conrado Villar, qu'escribiu a súa obra lliteraria na fala de Tapia. Y, precisamente, é de Tapia d'unde temos noticias da primeira obra de teatro escrita en gallego-asturiano. Representouse nas Navidades de 1899 y titulábase *Un Esfoyón en Casarego* –con y–, tal como escribe un 17 de novembre, nel sou nº 51, *El Faro de Tapia*.

Nengún dos autores ditos máis atrás se parou a pensar se a súa y *grega* nun era autóctona ou se respondía a un fenómeno de yeísmo de pouco. Escribiron *muyer*, *coyer*, *foya*, *carbayo* cúa mesma naturalidá qu'os escritores gallegos daquela escribían *muller*, *coller*, *folla*, *carballo*. Era como lo dicían y asina lo escribían porque nun era nengún defecto ou pero moderno que contaminara a pureza d'úa fala que querían representar nel sou xeito máis auténtico y, polo tanto, máis veyo. Y é que, ademáis, muios d'ellos conocían a llingua gallega y a súa lliteratura y sabían cómo se escribía. Nun é, entoncias, un caso de desconocemento da posibilidá d'escribir con *ll* como en gallego, senón qu'era feito a sabendas. Nel periódico *Castropol*, unde se publican poesías en gallego-asturiano dende os primeiros anos del siglo XX, toda a produción lliteraria obra d'autores castripoleños ta escrita con y, pero condo en 1911 reciben úa colaboración de Taramunde, na zona A, esta vén escrita, y asina se publica, con *ll* (titúlase «Cousas das mulleres»). Lo mesmo fain nos anos vinte y trenta nel periódico veigueño *Ecos Vegadenses*, unde conviven os escritos en gallego-asturiano (con y) y as poesías en gallego, entre outros, d'Antolín Santos Mediante Ferrería, un maestro taramundés afincao en Piantón que xa non solo nun escribe na fala de Taramunde senón que lo fai nel gallego lliterario que daquela s'estilaba en Galicia.

Resulta evidente entoncias qu'os dous resultaos, el de y y el de *ll*, conocíanse pero el que se tía como propio pra os escritores en gallego-asturiano era el primeiro. Valia aquí como un dato máis pra rematar esta idea el que nos apurre úa rareza bibliográfica del Navia-Eo publicada en 1952, *Castellanas del Suarón*, de Bonifacio Amago, cura de Tapia nacido en Grandayá (Castripol). Diz núa das muitas digresióis que ten a súa obría: «¿Quién duda que nuestro dialecto –que ni es asturiano ni gallego– es y significa aquella transición del latín al castellano? ¿Os reís? Pues fíjese el amado lector en esta docena de nombres que, al azar y corriendo, pongo delante de sus ojos y verá un tantico admirado, su parecido, por no decir su latinización: Homo, nis: –**el home**– el hombre. Filius, i: –**el fiyo**– el hijo.» (Amago, 1952: 38). Por se nun quedara abondo claro, este autor einda nos dá, anque sía indirectamente, outro dato. Anque este cura veyo taba ben llonxe das disquisicióis dos filólogos, tía clara a distinción fonética entre as zonas A y B: «Por eso vemos que en Presno Santa Eulalia –hoy *Santaya*– está bastante más arriba de la Iglesia, y de Villanueva no hablemos, porque levantaron el Convento que hasta hoy llega (...), en un valle (...) donde su huerta no podía extenderse más de un día de aradura, pero había valle bastante y bien fecundo por Santa Eufemia y hasta *Santalla*, para dedicar a la labranza». (Amago, 1952: 41). Sin darye máis as formas oficiales, Amago ta dicíndonos cómo se pronunciaban *Santalla* (of. Santa Eulalia de Oscos), que ta na zona A, y *Santaya* (of. Santalla), que ta na subzona B1, na parroquia castripoleña de Presno.

Despóis da guerra civil el cultivo lliterario en gallego-asturiano chegou hasta os nosos días usando el y. Benjamín López, de Doiras (Bual), Manuel García *Galano* y Jacinto Díaz, da Roda (Tapia), Daniel Vargas Vidal y Ignacio de Catalina, de Tapia, Luis Junceda y Alejandro Antúnez, de Navia, ou Francisco Fidalgo Villaveirán, das Figueiras (Castripol), siguiron reflexando esta mesma tradición na grafía.

A presencia na zona occidental asturiana da televisión, os periódicos y a publicidá escrita en gallego, máis evidente nestos últimos anos, ta influindo en qu'a xente, sin un referente escrito prá súa fala y, as máis das veces, xa sin diferenciar na fala os dous fonemas /*ɰ*/ y /*ʎ*/, bote mao del modelo gallego con *ll*. Mesmamente un autor da xeneración d'antias da guerra como Jesús Álvarez Valdés, da Caridá (El Franco), que publicóu a súa obra nos anos noventa, mezcra el uso del *ll* col del y pra os resultaos de *-lj-*, *-c'l-*, *-g'l-* sin nengún criterio, escribindo a mesma palabra úas veces d'un xeito y outras d'outro, sin duda como resultao por un llao del sou propio yeísmo y, por outro, del influencia del modelo escrito gallego. Esta confusión del autor franquín, qu'é el única escepción núa tradición lliteraria que xa ten un cento d'anos y sigue hoi en día con un peteiro curioso de cultivadores, váleye al filólogo gallego Xoa Babarro pra pro-

poñer consideraciós como a de que «non parece moi rentable, se queremos chegar a unha ortografía máis ou menos unificada para o occidente asturiano, que cada un escriba segundo lle pete no momento». Propón, entoncias, escribir el gallego-asturiano con *ll* «se queremos que o que se escriba en Asturias non se considere “falta de ortografía” cando se lea en Galicia» (Babarro, 1993). A mesma solución propón, volvendo a confundir el yeísmo moderno cos resultaos autóctonos, un documento con intención normativa firmao por un peteiro de filólogos gallegos y asturianos, as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, condo diz: «Dos grupos latinos -LI- (MULIEREM > *muller*, FOLIAM > *folla*, ALLIUM > *allo*), -C’L- (AURICULAM > *orella*, OVICULAM > *ovella*), e -G’L- (REGULAM > *rella*, TEGULAM > *tella*) el resultado foi [ʎ] (palatal lateral sonora). Hoxe en día, cada vez con máis frecuencia e con intensidade na xente nova, este son deslateralízase pasando a [y]». (Fernández Braña et alii, 1990: 8).

A nosoutros, miyor que zarrar os oyoos á realidá llingüística del Navia-Eo, píntanos máis lóxico y respetuoso –nun sabemos se máis rentable– escribir con y as palabras que procedan de -lj-, -c’l-, -g’l- allí unde deron un resultaoo con /ɰ/ que, como xa dixemos, é el mayoritario na zona del Navia-Eo tanto dende el punto de vista demográfico como dende el punto de vista da tradición lliteraria. Tamos seguros de que, en conociendo de verdá a nosa fala y en asumindo as características que ye son propias, naide vai considerar esto como úa falta d’ortografía.

Referencias Bibliográficas

- Acevedo y Huelves, B. (1898). *Boal y su concejo*. Uviéu.
- Acevedo y Huelves, B. & Fernández y Fernández, M. (1932). *Vocabulario del bable occidental*. Centro de Estudios Históricos. Madrid.
- Alonso, D. (1969). A’stoupada. *Filología*, 13: 33-37.
- Alonso, D. (1972). Ganado vacuno en San Martín de Oscos, *In Obras Completas*, vol. 1 (II. Del occidente peninsular). Madrid. pp: 523-533.
- Álvarez Blanco, J. C. (1983). *El habla del concejo de Illano (Margen occidental del río Navia)*. Uviéu. [Tesina de Llicenciatura inédita].
- Amago Fernández, B. (1952). *Castellanas del Suarón. Vidas ejemplares de los últimos moradores del castillo de Suarón*. Uviéu.
- Babarro González, X. (1993). Ás voltas co yeísmo. *A Freita*, 4: 4-9.
- Díaz López, J. & García Galano, M. (1993). *Vocabulario d’A Roda (Tapia de Casariego)*. Serviciu de Publicaciones del Principáu d’Asturies. Uviéu.

Díaz López, J. & García Galano, M. (1996). *Vocabulario d'A Roda (Tapia)* (20 edición miyorada). Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies. Uviéu.

Fernández Fernández, M. (1898). *El Franco y su concejo*. Lluarca.

Fernández Reguero, R. (1818). *Lecciones de Agricultura para el seminario de la Vega de Rivadeo acomodadas al suelo, clima, producciones, prácticas, usos y mas circunstancias del país. Parte Primera*. Imprenta Hermanos Pedregal. Uviéu.

Fernández Rei, F. (1991). A normalización da *franxa exterior* da lingua galega (I). *Cadernos de lingua*, 4: 5-25.

Fernández Rei, F. (1999). A situación do galego na Terra Navia-Eo, no Bierzo e nas Portelas. *Estudios Bercianos*, 24: 5-25.

Fernández Vior, J. A. (1997). *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu.

García Arias, X. Ll. (1988). *Contribución a la gramática histórica de la lengua asturiana y a la caracterización etimológica de su léxico*. Biblioteca de Filoloxía Asturiana. Uviéu.

García Arias, X. Ll. (1995a). Voces asturianas usadas en el distrito de Navia al Occidente. *Lletres Asturianas*, 54: 119-121.

García Arias, X. Ll. (1995b). Asturianische und leonesische Skripta. Las «scriptae» asturianas y leonesas. In G. Holtus, M. Metzeltin & C. Schmitt (eds.): *Lexicon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, vol. II, 2, pp: 618-649. Max Niemeyer Verlag. Tübingen.

García García, J. (1983). *El habla de El Franco (Una variante lingüística del Occidente de Asturias)*. Instituto Bernaldo de Quirós. Mieres.

López Álvarez, X. (1994). *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*. Real Instituto de Estudios Asturianos. Uviéu.

López Pacios, X. (1998). *Conceyu d'Ibias. Parroquia d'Os Coutos*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu.

Madoz, P. (1845-1850). *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid. [Manexamos a edición de 1985 cuas voces correspondentes a Asturias: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico. Asturias*. Ámbito. Valladolid.]

Fernández Braña, B., Álvarez Blanco, X. C., Babarro González, X., Fernández Rei, F., Martínez Fernández, C., Meilán García, A. & Santamarina Fernández, A. (1990). *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca.

Menéndez García, M. (1951). Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias. *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, 24: 277-299.

Munthe, A. W. (1887). *Anteckningar om Folkmålet i en trakt af vestra Asturien*, Uppsala. [Manexamos a reedición de 1987 en castellano *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*. Biblioteca de Filoloxía Asturiana. Uviéu.]

Muñiz, C. (1978). *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*. Academische Pers. Amsterdam.

Navarro [Tomás], T. (dir.) (1962). *Atlas lingüístico de la Península Ibérica, I. Fonética, I*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid.

Pasarín Arne, M^a. T. (1996). *Conceyu de Pezós*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu.

Pedregal Montes, M^a. A. (1995). *Conceyu de Sariegu. Documentación de les parroquies de Narzana y Santiago*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu.

Rodríguez-Castellano, L. (1948). Palatalización de la L inicial en la zona de habla gallega. *BIDEA*, 4: 113-134.

Suárez Fernández, X. M. (1991). *Vocabulariu de Mántaras (Tapia) y dalgunos refranos ou ditames*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu.

Suárez Fernández, X. M. (1996). *Vocabulario de Mántaras (Tapia). Aportación al léxico del galego-asturiano*. Xeira. A Caridá.

Suárez Fernández, X. M. (1998). Dalgús datos novos da toponimia del occidente d' Asturias. *Lletres Asturianas*, 68: 29-39.

Vigón, B. (1896). *Vocabulario Dialectológico del concejo de Colunga*. La Villa.

El Faro de Tapia [reedición facsimilar del periódico publicao nos anos 1898 y 1899]. Conceyo de Tapia. 1998.